

Aula CeMIT do Concello de Boiro comeza o 2016 con 5 cursos de formación dixital básica

A aula de formación da Rede CeMIT no Concello de Boiro comeza a súa actividade formativa para este 2016

Boiro, 5 de xaneiro de 2016. A Aula da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica da Xunta de Galicia, a Rede CeMIT, do Concello Boiro segue crescendo gracias aos veciños/as que se achegan as instalacións para aprender, e para disfrutar da aula aberta así como tamén diversas actividades que se realizan. A afluencia media das aulas situadas do Centro Social e de 900 visitas ao mes.

O día 12 de xaneiro comeza o primeiro curso do ano e inda quedan prazas dispoñibles para anotarse nos seguintes cursos que son de balde:

- **Inicio a Informática**
- **Inicio a Internet**
- **Correo electrónico Webmail**
- **Manexo de dispositivos móbiles**
- **Inicio a Internet para persoas maiores**

Para solicitar máis información sobre as citadas actividades (horarios, datas e contidos) poden dirixirse á Aula CeMIT de Boiro sita no Centro Social de Boiro, rúa Poeta Manuel María, a través das páxinas web <https://cemit.xunta.es> e www.boiro.org, chamar ao teléfono 981842635, ou enviar un correo electrónico aos enderezos:

cemit.boiro@xunta.es / axentetic@boiro.org